

## EDICTO

Ponse en xeral coñecemento e ós efectos oportunos, que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión extraordinaria que tivo lugar con data día 13 de xuño de 2.017, aprobou o seguinte acordo, que se transcribe literalmente a continuación.

Oimbra, a 15 de xuño de 2.017

**A ALCALDESA**

**ASDO: ANA MARIA VILLARINO PARDO**

Considerando necesario levar a cabo unha política municipal correctora das deficiencias en materia de vivenda rural e adoptar medidas encamiñadas a posibilitar que, tamén, os habitantes do mundo rural poidan exercer o dereito, constitucionalmente recoñecido, de dispor dunha vivenda digna e adecuada ao tempo que se incentiva o sector da construción no mundo rural.

Visto o Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Oímbra para a execución do " Programa para a reactivación da economía rural e da rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda no Concello de Oímbra: Revivenda rural " ,cuxa dotación económica ascende a 100.000,00 € .

Vista a Linea Estratéxica Nº 3, incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Orzamento Municipal Ordinario para o exercicio 2017 denominado " Programa Revivenda" cuxa dotación económica ascende a 10.000,00 € ,

No uso das atribucións que outorga a *Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local*, a Lei de Administración Local de Galicia.

### ACÓRDASE :

**PRIMEIRO** : Aprobar as Bases da convocatoria para o ano 2.017, da liña 3 do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Oímbra: Programa Revivenda.

**SEGUNDO**: Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2.017, DA LIÑA 3 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE OIMBRA: Programa Revivenda.**

#### Título I. Obxecto

Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases :

1.- A creación e posta en funcionamento do programa municipal denominado " Programa Revivenda" de persoas titulares interesadas na rehabilitación, acondicionamento e posterior alugamento de vivendas baleiras.

2.- A regulación das condicións e requisitos das subvencións destinadas ao acondicionamento ou rehabilitación das vivendas baleiras incorporadas ao Programa.

3º.- A regulación das condicións e requisitos para o acceso , en réximen de arrendamento , ás vivendas incorporadas ao programa.

4º.- A regulación das condicións e requisitos das subvencións destinadas ao aluguer das vivendas incorporadas ao Programa .

## **Título II. Regulación do procedemento de Incorporación de vivendas ao " Programa Revivenda " .**

### **Capítulo 1. Posta a disposición de vivendas.**

**Artigo 1. Para a súa incorporación ao Programa Revivenda Rural as vivendas deberán reunir os seguintes requisitos:**

a. Ter a consideración de vivenda libre, non estar sometida a ningunha limitación para o seu arrendamento , carecer de limitacións por razóns de legalidade urbanística, estar desocupada e susceptible de uso.

b. Reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento , e estar de alta nas subministracións básicas de auga, saneamento, e electricidade no momento da finalización das obras de acondicionamento ou rehabilitación .

c. No programa non se admitirán vivendas que non reunan ou que, tra-las obras de acondicionamento ou rehabilitación , non puideran reunir as condicións mínimas de habitabilidade ou accesibilidade.

d. A posta a disposición implicará o compromiso de realizar as obras de acondicionamento e rehabilitación no prazo establecido así coma o compromiso de arrendar a vivenda polo prezo fixado no apartado de Renda Taxada .

e. A posta a disposición implicará o compromiso de aluguer da vivenda durante os catro anos seguintes ao da resolución definitiva da incorporación ao Programa .

### **Capítulo 2.- Solicitude e Procedemento de Incorporación ao " Programa Revivenda Rural "**

**Artigo 2. Solicitude de incorporación ao Programa de Revivenda Rural .**

a. Poderán solicitar a incorporación ao Programa de Revivenda Rural os persoas físicas ou xurídicas propietarias das vivendas , debendo achegar a seguinte documentación :

2.1. Solicitude no modelo normalizado incorporado como Anexo I.

2. 2. DNI ou CIF do propietario da vivenda.

2.3. Para a xustificación da propiedade da vivenda, admitiranse os seguintes documentos:

- Título do Rexistro Propiedade da vivenda.
- Certificación catastral descriptiva e gráfica
- Declaración responsable da propiedade da vivenda.

2.4. Declaración responsable de aluguer da vivenda, polo prezo establecido no apartado de Renda Taxada, polo prazo de 4 anos. ( Prevista no Anexo I )

2.5. Declaración responsable de que se cumpre cos requisitos para ser receptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións . ( Prevista no Anexo I )

2.6 Declaración responsable de estar ao día nas miñas obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, así como coa Seguridade social. ( Prevista no Anexo I)

### **Artigo 3. Obrigas da persoal titular da vivenda .**

A persoa titular da vivenda estará obrigado ao cumprimento das seguintes obrigas:

3.1. A incorporación da vivenda ao Programa implicará o compromiso de arrendar a vivenda.

3.2. Respetar o prezo de aluguer da vivenda sinalado no apartado de Renda Taxada.

3.3. Manter a vivenda incorporada ao Programa durante o prazo de 4 anos , contados dende a Resolución Definitiva de incorporación ao Programa .

3.4. Cumprir os condicionantes técnicos establecidos no Informe urbanístico previo e no informe urbanístico de Conformidade ou Disconformidade regulados no artigo 5.

3.5. Xustificar a subvención concedida segundo o establecido no artigo 8.

3.6. Subscribir o correspondente contrato de aluguer coa persoa arrendataria.

### **Artigo 4. Prazo e lugar de presentación de solicitudes.**

As solicitudes poderán presentarse dende o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincial de Ourense. O Prazo permanecerá aberto ata que se esgoten os fondos asignados ao Programa de Revivenda Rural .

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello de Oímbra, situado na Avda. do Carregal, nº 3, 32613 Oímbra.

### **Artigo 5. Procedemento de incorporación .**

Recibida a solicitude no Concello, sin ter completado a totalidade da documentación establecida , requirirase ao interesado para que , no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teraselle por desistido da súa petición.

O expediente completo, por orde cronolóxica de presentación, será trasladado ao Servizo de Urbanismo Municipal, debendo emitirse informe urbanístico, no prazo máximo de un mes.

O Informe urbanístico deberá conter, alomenos, a seguinte información:

- \* Memoria descriptiva e gráfica da situación actual da vivenda.
- \* Informe de legalidade urbanística da vivenda e da edificación.
- \* Memoria das obras de acondicionamento a realizar ou, de sé-lo caso da necesidade de rehabilitación da edificación, que garantan as condicións mínimas de salubridade, seguridade, hixiene e habitabilidade.
- \* Reportaxe fotográfica da vivenda.

O informe urbanístico seralle comunicado ao interesado, para que no prazo de 15 días, presente as alegacións que considere oportunas. Si manifesta a súa conformidade para a continuación do procedemento, deberá presentar memoria valorada das obras, ou de se-lo caso proxecto técnico de acondicionamento ou rehabilitación da vivenda, redactado por técnico competente.

A memoria valorada das obras ou o proxecto técnico, será sometido a Informe previo do Servizo de urbanismo. Unha vez obtido o informe favorable seguiranse os trámites previstos nestas bases.

#### **Artigo 6º.- Resolución Provisional .**

Mediante Acordo de Xunta de Goberno Local ditarase resolución provisional de incorporación da vivenda ao Programa de Revivenda Rural e de concesión da subvención que corresponda segundo o disposto no Título II.

#### **Artigo 7º.- Xustificación da execución das obras .**

a. Prazo de Xustificación . O prazo de execución das obras coincidente co prazo de xustificación da subvención será de catro meses, contados dende a Resolución Provisional de Incorporación da Vivenda ao Programa e de concesión de subvención, previa obtención da licenza urbanística que corresponda.

#### **b. Comunicación de remate das obras e visita de inspección.**

O interesado comunicará ao Concello o remate das obras e solicitará a visita de inspección do Servizo de Urbanismo, emitíndose informe de Conformidade ou Disconformidade das obras realizadas consonte a memoria ou ao proxecto técnico presentado e consonte ao informe previo do Asesor urbanístico e comprobándose que se cumpren as condicións de idoneidade da vivenda para o seu arrendamento

No caso de informe de Conformidade, procederase co trámite de xustificación e cobro da subvención concedida así coma de incorporación Definitiva da vivenda ao Programa.

No caso de Informe de Disconformidade, outorgaráselle un prazo ao interesado para adecuar as obras ao disposto no Informe Técnico Urbanístico

de Disconformidade , tra-lo que deberá solicitar un novo informe de Conformidade .

No caso de persistir a Disconformidade ou no de que non sexa posible outorgarlle o informe de Conformidade o interesado perderá o dereito ao cobramento da subvención inicialmente concedida, sin que éste teña dereito a indemnización algunha .

#### **Artigo 8º.- Xustificación da subvención .**

Tralo Informe de Conformidade o solicitante poderá proceder ao trámite de xustificación e cobro da subvención concedida , debendo achegar a solicitude segundo o modelo normalizado que se incorpora como Anexo III , acompañando , entre outra, a seguinte documentación :

- . Facturas orixinais de provedores e constructores.
- . Xustificante bancario de pagamento . ( No xustificante deberá constar o número de factura,a identificación do pagador e do beneficiarios , que deberán coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitíu a factura ).
- . Certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas con ningunha administración pública nin coa seguridade social.

#### **Artigo 9º. Resolución Definitiva**

Mediante Acordo de Xunta de Goberno Local ditarase resolución Definitiva de incorporación da vivenda ao Programa de Revivenda Rural e continuarase co procedemento establecido no Título IV.

### **Título III Regulación do procedemento de concesión de subvencións destinadas ao acondicionamento ou rehabilitación de vivendas incorporadas ao Programa de Revivenda Rural .**

#### **Capítulo 1º. Subvencións destinadas ao acondicionamento ou rehabilitación de vivendas.**

##### **Artigo 10º.- Actuacións subvencionables :**

Serán subvencionables todas aquelas actuacións de acondicionamento, mellora ou renovacións de vivendas que afecten á mellora da habitabilidade, a mellora da eficiencia enerxética, a adaptacións ao entorno e a paisaxe, e a conservación e mellora da edificación en xeral que sexan incorporadas ao Programa de Revivenda Rural.

##### **Artigo 11º.- Importe de subvención.**

As subvencións acadarán o 40% do orzamento de execución material das obras ou equipamentos, establecéndose o límite máximo de 12.000,00 € por vivenda.

As subvencións poderán acadar o 60% do orzamento de execución material das obras ou equipamentos , cando a obra sexa realizada por unha empresa con domicilio e sede social no Concello de Oímbra .

No caso de ser preciso, proxecto técnico, o importe dos honorarios de redacción poderá ser subvencionable dentro do límite máximo de 12.000,00 € por vivenda.

A maiores do límite máximo por vivenda será subvencionable o 50% do custo da contratación dun Seguro de Garantía de Cobro das mensualidades para cada unha das vivendas, que definitivamente, sexan adxudicadas.

Non será subvencionable, en ningún caso, o IVE.

#### **Artigo 12º. Concesión de subvención .**

A concesión de subvención seguirá o trámite establecido nos artigos 6º, 7º e 8º precedentes .

#### **Artigo 13º. Xustificación da subvención.**

As subvencións xustificaranse segundo o establecido no artigo 7 e 8 anterior destas Bases .

### **Capítulo 2º. Bonificacións impositivas destinadas ao Programa de Revivenda Rural .**

#### **Artigo 14º. Bonificacións impositivas.**

a. Licenza de Obras. Poderán acollerse a unha bonificación do 100% da licenza de obras, as vivendas incluídas no Programa de Revivenda Rural.

b. Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana ( IBI). Poderán acollerse a unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto, segundo o procedemento que se establecerá na Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana Municipal, as vivendas incluídas no Programa de Revivenda Rural, un máximo de catro anualidades.

### **Título IV. Regulación do procedemento de acceso, en réxime de arrendamento, ás vivendas incorporados ao Programa de Revivenda Rural .**

#### **Capítulo I : Renda Taxada**

#### **Artigo 15º.- Prezo de aluguer :**

O prezo de aluguerio das vivendas incorporadas ao Programa , non poderán superar os seguintes importes mensuais :

Vivendas ubicadas no núcleo de Oímbra : 180,00 €/ mes.

Vivendas ubicadas nos núcleos de San Cibrao, Rosal e Rabal: 160,00 € / mes.

Vivendas ubicadas no resto dos núcleos do Termo Municipal : 140,00 €/ mes.

#### **Capítulo II : Demandantes de vivenda en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa.**

#### **Artigo 16º.- Destinatarios :**

Os destinatarios do Programa serán as unidades familiares ou de convivencia, entendéndose por tales a persoa ou conxunto de persoas que habitan unha vivenda de forma habitual e permanente, con vocación de estabilidade.

#### **Artigo 17º.- Requisitos das persoas demandantes de vivendas.**

As persoas demandantes das vivendas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade
- b) Ter nacionalidade española ou residir legalmente en España.
- c) Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade nin do usufruto doutra vivenda no termo municipal de Oímbra.
- d) Non ter relación de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado coas persoas arrendadoras.
- e) Os ingresos da unidade familiar non pode rebasar en 5 veces o IPREM.
- f) Estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas con ningunha administración pública e coa seguridade social.
- g) Cumprir cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

### **Capítulo III: Procedemento de incorporación ao Programa de demandantes de vivendas do Programa .**

#### **Artigo 18º.- Solicitud** .

As unidades de convivencia que reúnan os requisitos sinalados no artigo anterior, poderán solicitar as vivendas baleiras en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa, mediante a presentación da correspondente solicitude que se incorpora como *Anexo II*, conxuntamente coa documentación acreditativa dos requisitos sinalados no artigo 17 anterior.

#### **Artigo 19º. Procedemento** .

O Concello, por orde cronolóxica de presentación de solicitudes, xestionará a adxudicación das vivendas baleiras tendo en conta a máxima adecuación das vivendas ás preferencias, características e composición das unidades de convivencia .

Terán prioridade na adxudicación as unidades de convivencia :

- \* Familias numerosas, monoparentais con fillos a cargo ou con menores a cargo, escolarizados nos Centros de Educación de referencia do Concello de Oímbra.
- \* Afectadas por procedementos de execución hipotecaria, desafiuzamento, violencia de xénero, dependentes ou discapacidade .
- \* Menores ingresos.
- \* Xovenes menores de 35 anos.

O Concello poderá verificar o cumprimento dos requisitos e requerir a documentación que sexa precisa para a comprobación das circunstancias específicas de cada unidade de convivencia.

#### **Artigo 20º. Adxudicación da vivenda baleira.**

Mediante Xunta de Goberno Local ditarase resolución de adxudicación da vivenda que será notificada ao titular da vivenda e ao arrendatario e , de se-lo caso da subvención ao aluguer que corresponda.

Aceptada á adxudicación citarase ás partes para que comparezan a formalización do contrato de arrendamento. O Contrato de arrendamento será formalizado , entre a parte arrendadora e a parte arrendataria, debendo presentar unha copia no Concello que será incorporada ao expediente administrativo.

En calquera cuestión ou litixio que xurda do contrato de arrendamento entre as partes será competente a xurisdicción civil .

### **Título V . Regulación das condicións e requisitos das subvencións destinadas ao aluguer das vivendas incorporadas ao Programa.**

#### **Artigo 21º. Obxecto da subvención .**

O obxecto desta liña de subvencións é o financiamento parcial da renda de aluguer dos contratos de arrendamento formalizados no marco do Programa de Revivenda Rural , dirixido ás persoas inquilinas de contratos de arrendamento en vigor de vivendas incorporadas ao programa .

#### **Artigo 22º.- Importe da subvención .**

O importe das subvencións acadarán as seguintes porcentaxes de subvención durante o primeiro ano :

a) Unidades de convivencia con un menor de idade a cargo :

50% da renda mensual durante os seis primeiros meses.

25% da renda mensual durante os seis meses seguintes.

b) Unidades de convivencia con dous menores de idade a cargo:

75% da renda mensual durante os seis primeiros meses.

50% da renda mensual durane os seis meses seguintes.

c) Unidades de convivencia con tres ou máis menores a cargo:

90% da renda mensual durante os seis primeiros meses.

60% da renda mensual durante os seis meses seguintes.

d) Resto das unidades de convivencia:

30% da renda mensual durante os seis primeiros meses.

15% da renda mensual durante os seis meses seguintes.

#### **Artigo 23º.- Solicitud .**

As unidades de convivencia adxudicatarias dunha vivenda baleira que reúnan os requisitos sinalados poderán solicitar a subvención ao aluguer mediante a presentación da correspondente solicitude que se incorpora como Anexo IV, conxuntamente coa documentación acreditativa segundo os requisitos sinalados no artigo 17 anterior.

#### **Artigo 24º. Concesión da subvención .**

Por Acordo da Xunta de Goberno Local dítase resolución concedendo a subvención que corresponda, motivada e individualizada, que será notificada ao interesado cos recursos que procedan.

#### **Artigo 25º. Pagamento da Subvención .**

O pagamento do importe da subvención concedida será realizado , mensualmente, mediante transferencia bancaria a conta bancaria facilitada polo interesado, previa presentación dos certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas con ningunha administración pública nin coa seguridade social.

### **Título VI . Disposicións xerais aplicables .**

#### **Artigo 26. Orzamento.**

As subvencións establecidas nas presentes bases , son as seguintes .

1.- Axudas e subvencións á rehabilitación , acondicionamento de vivendas rurais .

Importe máximo: 100.000,00 €

Consignación Orzamentaria: 2017.152.78

2.- Axudas e subvencións ao aluguer :

Importe máximo: 10.000,00 €

Consignación Orzamentaria: 2017.152.481

#### **Artigo 27. Persoas excluídas .**

Non poderán obter a condición de beneficiarias do programa regulado nestas bases as persoas nas que concorran as circunstancias sinaladas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de Xuño de Subvencións de Galicia, normativa que terá o carácter de supletorio en todo o non previsto nas presentes Bases así coma as persoas debedoras da facenda local.

#### **Artigo 28. Incompatibilidades e concorrencia.**

Esta subvención será compatible con calquera outra establecida nos distintos programas de rehabilitación ou adecuación de vivendas ou de acceso ao aluguer das administracións públicas ou organismos privados.

En ningún caso a concorrencia con outras axudas ou subvencións poderá ser superior ao 100% .

### **Artigo 29. Consentimentos , autorizacións e datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas, o Concello de Oímbra poderá publicar a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas , polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesarios dos datos das persoas beneficiarias.

Darase cumprimento ao disposto no Lei de Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal respecto dos datos persoais recollidos na tramitación desta subvención, para elo os/as solicitantes deberán asinar o ANEXO V normalizado.

### **Artigo 30. Réxime Xurídico.**

As Axudas reguladas nestas Bases rexiranse ademáis polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia e polo disposto no Decreto 11/ 2009. de 08 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia .

Os Contratos de arrendamento quedarán sometidos ás disposicións contidas na Lei de Arrendamentos Urbanos vixente.

### **Artigo 31. Entrada en vigor .**

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE VIVENDAS BALEIRAS PARA O SEU ALUGUER

1. DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE/S			
<b>TITULAR</b>			
APELIDOS		NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE Nº DOCUMENTO <input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
DOMICILIO		Nº	CONCELLO /PROVINCIA
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
MUNICIPIO NO ESTÁ EMPADROADO/A			

2. DATOS DA VIVENDA BALEIRA		
REFERENCIA CATASTRAL		DIRECCIÓN DA VIVENDA
Nº DE DORMITORIOS	BAÑO/S Nº	EQUIPAMENTO, MOBILIARIO:
OUTROS HABITÁCULOS:	COCIÑA/S:	
OUTROS DATOS DA VIVENDA ( garaxe, patio, etc...):		

**REQUISITOS QUE DEBE CUMPLIR A VIVENDA PARA SER INCLUÍDA NO REXISTRO DE VIVENDAS BALEIRAS:**

- a. Ter a consideración de vivenda libre, non estar sometida a ningunha limitación para o seu arrendamento , carecer de limitacións por razóns de legalidade urbanística e estar desocupada e susceptible de uso.
- b. Reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento , e estar de alta nas subministracións básicas de auga, saneamento, e electricidade no momento da finalización das obras de acondicionamento ou rehabilitación .
- c. No programa non se admitirán vivendas que non reunan ou que, tra-las obras de acondicionamento ou rehabilitación , non puideran reunir as condicións mínimas de habitabilidade ou accesibilidade.
- d. A posta a disposición implicará o compromiso de realizar as obras de acondicionamento e rehabilitación no prazo establecido así coma o compromiso de arrendar a vivenda polo prezo fixado no apartado de Renda Taxada .
- c. A posta a disposición implicará o compromiso de aluguer da vivenda durante os catro anos seguintes ao da resolución definitiva da incorporación ao Programa

**DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE APORTAR PARA A INCLUSIÓN NO PROGRAMA REVIVENDA:**

- 1.Solicitud no modelo normalizado incorporado como Anexo I.
- 2.DNI ou CIF do propietario da vivenda.
3. Para a xustificación da propiedade da vivenda, admitiranse os seguintes documentos:
  - Título do Rexistro Propiedade da vivenda.
  - Certificación catastral descriptiva e gráfica
  - Declaración responsable da propiedade da vivenda.
4. Declaración responsable de aluguer da vivenda polo prezo establecido no apartado de Renda Taxada polo prazo de 4 anos. ( Prevista no Anexo I )
5. Declaración responsable de que se cumpre cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións . ( Prevista no Anexo I )
- 6 Declaración responsable de estar a día nas obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, así como coa Seguridade social. ( Prevista no Anexo I )

### 3. titularidade da vivenda

- Autorizo ao Concello de Oímbra como órgano xestor do rexistro de vivendas, para a comprobación das bases de datos catastrais ao obxecto de comprobar a titularidade da vivenda.
- Presento Título do Rexistro da propiedade.
- Presento Certificación descritiva e gráfica de Catastro.
- Presento Declaración responsable da propiedade da vivenda.

### 4.DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA VIVENDA DESCRITA NO PUNTO 2

- Que a vivenda está libre de arrendamentos e cargas.
  - Que me comprometo a manter a vivenda no programa Revivenda durante 4 anos, contados dende a resolución da incorporación ao programa Revivenda, cos prezos máximos previstos no art. 8 das bases, e resto de condicións establecidas nas mesmas.
  - Que cumplo cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións .
- Que estou ó día nas miñas obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, así como coa Seguridade social .

### 5.AUTORIZACIÓN CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

-A presentación desta solicitude conlevará a autorización ao órgano xestor para , que os seus datos de carácter persoal sexan incluídos nun ficheiro denominado REXISTRO DE VIVENDAS BALEIRAS. A finalidade desta recollida de datos de carácter persoal é necesaria para a xestión das EXPEDIENTES de vivenda ofrecidas. Vd. proporciona, como titular dos datos, o seu consentimento e autorización para a inclusión dos mesmos no ficheiro anteriormente detallado e para a publicación dos seus datos (Nome, Apelidos, DNI e Dirección) na páxina web do Concello de Oímbra, no taboleiro de anuncios Concello de Oímbra. Así como para comunicalos ós demandantes de vivenda baleira tamén recollidos no Rexistro de demandantes de vivendas baleiras. En calquera caso, poderá exercer gratuítamente os dereitos de acceso,rectificación, cancelación e oposición dirixíndose a Concello de Oímbra

### 6. LUGAR, DATA E SINATURA

**ANEXO II**  
**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE**  
**DEMANDANTES DE VIVENDAS BALEIRAS PARA O SEU ALUGUER**

<b>1. DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE/S</b>			
<b>TITULAR 1</b>			
APELIDOS	NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE	Nº DOCUMENTO <input style="width: 80%;" type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
DOMICILIO		Nº	CONCELLO /PROVINCIA
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
MUNICIPIO NO QUE ESTÁ EMPADROADO/A			

<b>TITULAR 2</b>			
APELIDOS	NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE	Nº DOCUMENTO <input style="width: 80%;" type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
DOMICILIO		Nº	CONCELLO /PROVINCIA
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
MUNICIPIO NO ESTÁ EMPADROADO/A			

<b>2. OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (CONVIVENCIA). DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>			
<b>MEMBRO 1. RELACIÓN DE PARENTESCO CO TITULAR.....</b>			
APELIDOS	NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE	Nº DOCUMENTO <input style="width: 80%;" type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/>	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
<b>MEMBRO 2. RELACIÓN DE PARENTESCO CO TITULAR.....</b>			
APELIDOS	NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE	Nº DOCUMENTO <input style="width: 80%;" type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
<b>MEMBRO 3. RELACIÓN DE PARENTESCO CO TITULAR.....</b>			
APELIDOS	NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE	Nº DOCUMENTO <input style="width: 80%;" type="text"/>

DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
-------------------	---	--------------	---------------

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑARSE Á SOLICITUDE:**

1. DNI ou documento xustificativo da residencia legal en España.
2. Última Declaración da Renda, e no caso de producirensen modificacións substanciais na situación económica, acreditación do cambio.

**REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES**

- a) Ser maior de idade
- b) Ter nacionalidade española ou residir legalmente en España.
- c) Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade nin o usufruto doutra vivenda no termo municipal de Oímbra.
- d) Non ter relación de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado coas persoas arrendadoras.
- e) Os ingresos da unidade familiar non poden rebasar en 5 veces o IPREM.

<b>3.TIPO DE VIVENDA Á QUE SE OPTA. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS</b>
LOCALIDADE/S PREFERENTES :
TIPOLOXÍA DA VIVENDA:

<b>4.DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>
Que ningún membro da unidade familiar expresados son propietarios nin usufructuarios de ningunha vivenda no termo municipal de Oímbra.
Que os ingresos da unidade familiar non supera 5 veces o IPREM
Que a vivenda que se solicita ou se adjudique no programa Revivenda Rural será o domicilio real e efectivo.
No caso de resultar beneficiario/a das axudas para demandantes de vivenda. Compromiso, , de matricular o/a os/as fillos/as en idade escolar, no CEIP de Oímbra
De non ter relación de parentesco, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado coas persoas arrendadoras.
Que cumplo cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Que estou ao corrente nas obrigas tributarias e non teño débedas con ningunha administración pública nin coa seguridade social.

<b>5.AUTORIZACIÓN consultar a non titularidade da vivenda</b>
-A presentación desta solicitude conlevará a autorización ao órgano xestor para a comprobación das bases de datos catastrais ao obxecto de comprobar a non titularidade de vivendas no Concello.

<b>6.AUTORIZACIÓN cesión de datos a terceiros</b>
A presentación desta solicitude conlevará a autorización ao órgano xestor para , que os meus datos de carácter persoal sexan incluídos no ficheiro denominado REXISTRO DE DEMANDANTES DE VIVENDAS BALEIRAS. A finalidade desta recollida de datos de carácter persoal é necesaria para a xestión das EXPEDIENTES de demandantes de vivendas baleiras . Proporciono, como titular dos datos, o meu consentimento e autorización para a inclusión dos mesmos no ficheiro anteriormente detallado e para a cesión dos datos a terceiros, na na páxina web do Concello de Oímbra ou no taboleiro de anuncios Concello de Oímbra En calquera caso, poderei exercer gratuitamente os dereitos de acceso,rectificación, cancelación e oposición dirixíndose a Concello de Oímbra.

<b>7.LUGAR, DATA E SINATURA</b>

### ANEXO III. COMUNICACIÓN DO REMATE DAS OBRAS.

#### XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE COBRAMENTO

##### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS.....

NIF.....Dirección.....

.....Teléfono nº.....

Titular da conta IBAN.....

##### DATOS DA VIVENDA

REFERENCIA

CATASTRAL.....

DIRECCIÓN DA

VIVENDA.....

##### **EXPÓN:**

Que dentro do prazo máximo outorgado ao efecto, comunico o remate das obras previstas na resolución de concesión tramitada ao abeiro do expediente referido no encabezamento. Que coa documentación que se achega, considérase XUSTIFICADA a subvención concedida polo Concello de Oímbra, en data.....

Achégase para elo a seguinte documentación xustificativa:

-Facturas orixinais de provedores ou constructores .

-Xustificantes bancarios dos pagamentos.

- Certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas con ningunha administración pública e coa seguridade social.

##### **SOLICITA:**

O ingreso no número de conta arriba indicado, do importe da subvención concedida polo Concello de Oímbra.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE .....

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OÍMBRA**

**ANEXO IV**  
**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ALUGUER**

<b>TITULAR 1</b>			
APELIDOS		NOME	<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> NIE <input type="checkbox"/> PASAPORTE Nº DOCUMENTO <input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	ESTADO CIVIL	NACIONALIDADE
DOMICILIO			Nº <input type="text"/> CONCELLO /PROVINCIA
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
Nº CONTA IBAN:			
Nº EXPEDIENTE REXISTRO VIVENDAS BALEIRAS:			
VIVENDA BALEIRA ALUGADA:			
DATA DA SINATURA DO CONTRATO ALUGUER:			

**EXPOÑO:**

Que estou inscrito no rexistro de demandantes de vivendas baleiras do Concello de Oímbra, e que levei a cabo a sinatura e formalización do contrato de aluguer, por iso, conforme ás bases da convocatoria para o ano 2017 da liña 3 do plan estratéxico de subvencións do Concello de Oímbra: Programa Revivenda, fago a seguinte:

<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>
Que os ingresos da unidade familiar non supera 5 veces o IPREM <input type="checkbox"/> Non se produciron modificacións sustanciais na situación económica. <input type="checkbox"/> Producíronse modificacións sustanciais na situación económica, e acredíto con
Que cumplo cos requisitos para ser perceptor de subvencións públicas conforme ao previsto no art. 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

**SOLICITO:**

O ingreso mensual da cantidade que corresponda segundo a unidade de convivencia (art.22).Achégase para elo a seguinte documentación xustificativa:

3. Contrato aluguer.
4. Certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de non ter débedas con ningunha administración pública e coa seguridade social.

<b>5. LUGAR, DATA E SINATURA</b>

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OÍMBRA

## ANEXO V

### DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

**Nome e apelidos**

**Dni**

**Dirección**

**Nº Teléfono**

Co fin de tramitar a inclusión no PROGRAMA REVIVENDA do Concello de Oímbra, **Autorizo** ao Concello de Oímbra a incorporación e a publicación dos datos persoais e/ou da propiedade falicitados, no :

- Rexistro municipal de vivendas baleiras .
- Rexistro municipal de demandantes de vivenda.
- A terceiros interesados na vivenda baleira.
- Na páxina web municipal ou no taboleiro de anuncios do Concello .

Os datos persoais e da propiedade falicitados ao Concello, para a tramitación do expediente do PROGRAMA REVIVENDA, do Concello de Oímbra.

A presente autorización pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Ilmo. Concello de Oímbra.

IMPORTANTE: Deberán asinar a presente autorización o solicitante e os membros da súa unidade familiar (demandantes de vivenda) maiores de 18 anos, en caso de faltar a firma de todos ou algún dos seus membros, impedirá a tramitación da solicitude Inscrición no rexistro correspondente.

En Oímbra, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo. \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

DNI nº \_\_\_\_\_

DNI nº \_\_\_\_\_

